



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 167/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto do Expediente: Selección de Persoal de 4 Peóns de Obra Pública (Programa Reforzo do Emprego ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026)

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Á vista das bases específicas do Plan Deputación de Cooperación cos concellos para o exercicio 2026, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 004, do mércores, 7 de xaneiro de 2026, segundo as cales *«a Deputación provincial trata de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en que e como gastar) mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais».*

«Para acadar estas finalidades, os concellos poderán solicitar a aplicación dos fondos provinciais asignados aos seguintes programas:

[...]

B.3.- Programa de reforzo do emprego: Esta liña vai destinada á contratación ou nomeamento de reforzo de efectivos para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, ou para a implantación de novos servizos ou actividades de conformidade coa normativa aplicable sempre que se cumbran cos requisitos establecidos nestas bases».

Segundo.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de As Nogais, de acordo co decreto número 2026-0037, de 4 de febreiro de 2026, segundo o cal se resolve *«participar no PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada a este Concello aos obxectos indicados no formulario cuberto dixitalmente e achegado ao efecto, e que corresponden aos seguintes obxectos: [...]*

PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO:

DECRETO
Número: 2026-0140 Data: 18/05/2026

Cod. Validación: 6IKLL9FFJWPZS97LELHLYRTT
Corrección: <https://concellosnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3





Nº DE POSTOS	CATEGORÍA PROFESIONAL	GASTOS SALARIAIS	PRAZO DE CONTRATACIÓN	CATEGORÍA PROFESIONAL	CUSTO TOTAL
4	PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS Tipo de contrato: Eventual por	14.450,005 €/posto	6 MESES	PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	57.800,02 €

[...] ».

Terceiro.- Vista a necesidade de convocar 4 prazas para a contratación mediante concurso-oposición en réxime de persoal laboral temporal, durante un prazo máximo de 6 meses, a xornada completa, das prazas seguintes: PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, segundo a modalidade de circunstancias da produción, regulada no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Cuarto.- Á vista das bases reguladoras das probas selectivas para a provisión dos postos /prazas indicados e que se adxuntan ao presente documento.

En virtude das atribucións que confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a proposta de resolución PR/2026/94 de 18 de maio de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 18 de maio de 2026.

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Convocar catro prazas de peón de obra pública mediante concurso-oposición, en réxime de persoal laboral temporal, durante un prazo máximo de 6 meses, a xornada completa, segundo a modalidade de circunstancias da produción, regulada no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Segundo.- Autorizar o gasto en contía de 57.800,02 euros, á que ascende a retribución correspondente ás catro prazas obxecto de convocatoria, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe
241.131	42.147,42 €
241.16000	15.652,60 €
Importe total	57.800,02 €





Terceiro.- Aprobar as bases e convocatoria para a contratación mediante concurso oposición en réxime de persoal laboral temporal, durante un prazo máximo de 6 meses, a xornada completa, das prazas de peón de obras públicas, segundo a modalidade de circunstancias da produción, regulada no artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, vinculado ao Plan Deputación de cooperación da Excm. Deputación de Lugo cos Concellos, "Programa de Reforzo do emprego 2026".

Cuarto.- Remitir a convocatoria ao servizo de emprego da Deputación Provincial de Lugo para dar publicidade a tódalas fases do procedemento, conforme ás obrigas asumidas por este concello segundo indica a cláusula 11.4 das bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 cuxas bases encóntranse publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 004, de data do mércores, 7 de xaneiro de 2026.

Quinto.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas de selección, aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e publicar a relación na sede electrónica deste Concello, outorgando aos aspirantes excluídos un prazo de tres (3) días naturais, a partir da publicación do anuncio para formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0140
Data: 18/05/2026

Cod. Validación: 6JLL9FFJWPZS97LELHLYRTT
Corrección: <https://concellosnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

